

premios
da cultura
GALEGA
2016

XUNTA DE GALICIA



Os *Premios da Cultura Galega* convocados anualmente pola Xunta de Galicia son o recoñecemento ao labor desenvolvido nos distintos ámbitos da cultura por persoas, colectivos e institucións. Un xurado integrado por representantes das principais entidades culturais e profesionais independentes é o encargado de decidir as premiadas e premiados en cada edición nas modalidades de Letras, Artes Plásticas, Artes Escénicas, Música, Audiovisual, Lingua, Patrimonio Cultural e Proxección Exterior da nosa cultura. Neste serán de xaneiro, neste espazo de contemporaneidade da Cidade da Cultura de Galicia celebramos colectivamente a dedicación e a capacidade creativa dos galardoados e galardoadas cos Premios da Cultura Galega 2016.

Cidade da Cultura de Galicia, 23 de xaneiro de 2017

PREMIADOS 2016

Premio Cultura Galega de *Letras* María Xosé Queizán

Premio Cultura Galega de *Artes Plásticas* Miguel Fernández-Cid

Premio Cultura Galega de *Artes Escénicas* Sarabela Teatro

Premio Cultura Galega de *Música* Maximino Zumalave

Premio Cultura Galega de *Audiobisual* Cooperativa Numax

Premio Cultura Galega de *Lingua* Irmandade Xurídica Galega

Premio Cultura Galega de *Patrimonio Cultural* Museo de Pontevedra

Premio Cultura Galega de *Proxección Exterior* Elena Zernova

MEMBROS DO *Xurado* 2016

Consellería de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria
da Xunta de Galicia

Consello da Cultura Galega

Universidade da Coruña

Real Academia Galega

Real Academia Galega de Belas Artes
Nosa Señora do Rosario

Profesionais do ámbito cultural:

Susana Seivane (gaiteira)

Xosé Ballesteros (editor)

Fefa Noia (directora teatral)

Manuel Vilariño (fotógrafo)

Premio Cultura Galega de LETRAS

María Xosé Queizán é escritora, catedrática de Lingua e Literatura Galega, directora da revista *Festa da Palabra Silenciada* e pensadora feminista.

Nacida na cidade da oliveira, a súa andaina como escritora comezouna moi nova con artigos para o xornal vigués *El Pueblo Gallego*. Nos anos cincuenta e sesenta participou activamente na dinamización teatral da cidade, como actriz e impulsora da agrupación *Teatro de Arte e Ensaio* da Asociación de Prensa de Vigo, do *Teatro Popular Galego* e do grupo escénico *Feministas Independentes Galegas*.

O seu destacado labor como escritora abrangue distintos estilos e xéneros. Como narradora deu á luz obras como *A orella no buraco* (1965), *Amantía* (1984), *Amor de tango* (1992), *O segredo da pedra figueira* (1989), *Ten o seu punto a fresca rosa* (2000),

Meu pai vaite matar (2011), *A boneca de Blanco Amor* (2014) ou *Son noxento* (2015), entre outras.

Escribiu poemarios como *Metáfora da metáfora* (1991), *Despertar das amantes* (1993), *Fóra de min* (1995), *Non o abras como unha flor* (2004) ou *Cólera* (2007). É autora tamén de pezas teatrais e tradutora de relatos de Emilia Pardo Bazán e de Marguerite Yourcenar. Como ensaísta publicou *A muller en Galicia* (1977), *Recuperemos as mans* (1980), *Evidencias* (1990), *Misoxinia e racismo na poesía de Eduardo Pondal* (1998), *Anti natura* (2008) e *Mary Wollstonecraft Shelley e a súa criatura artificial* (2011), entre outros. En 2014, publicou a biografía *Emilia Pardo Bazán. Unha nena seducida polos libros*.



Premio Cultura Galega de ARTES PLÁSTICAS

Miguel Fernández-Cid licenciouse en Xeografía e Historia na Universidad Complutense. Foi profesor nas facultades de Belas Artes de Salamanca e Pontevedra, tarefa que compaxinou coa crítica de arte e a xestión cultural. Nos anos oitenta foi xefe de redacción de *Buades*, *periódico de arte*, e colaborador en revistas especializadas medios xeneralistas como *Diario 16*, *ABC*, *El País* ou *El Mundo*. En 1995 fundou a revista de información artística *Arte y parte*.

No ámbito das institucións, foi responsable de compras da Fundación Coca-Cola España, padroeiro da Fundación Museo de la Casa de la Moneda e da Fundación Ortega Muñoz, ademais de vogal do consello reitor do Instituto Valenciano de Arte Moderno.

Escritor, conferenciante, comisario de exposicións, dirixiu entre 1998 e 2005

o Centro Galego de Arte Contemporánea, no que preparou exposicións de artistas como Giuseppe Penone, Rafael Baixeras, Rebecca Horn, Stephan Balkenhol ou Vik Muniz. Con ese mesmo horizonte de difundir a arte galega á par da mellor produción artística internacional, comisariou primeiras exposicións de artistas galegos en institucións como o Museo Nacional Reina Sofía (Salvador Cidrás, Vicente Blanco) ou o IVAM (Leiro). No Museo Centro Gaiás foi comisario xeral da mostra inaugural, *Gallaecia Petrea*. Desde 2010 dirixe a Fundación Gonzalo Torrente Ballester. Membro da Real Academia Galega de Belas Artes, neste 2016 foi un dos impulsores da exposición do Mestre Mateo no Museo Nacional del Prado.



miguel fernández-cid

Premio Cultura Galega de ARTES ESCÉNICAS

Sarabela fixo as súas primeiras montaxes no ano 79 na Universidade Laboral de Ourense. Un ano despois, Ánxeles Cuña funda a Asociación Teatral Xuvenil Independente Sarabela e, a partir de 1990, a agrupación profesionalízase como empresa. Os seus integrantes son, ademais da propia directora, Sabela Gago, Elena Seijo, Fina Calleja e Fernando Dacosta. Anteriormente formaron parte da compañía os finados Begoña Muñoz e Suso Díaz, entre outros numerosos profesionais colaboradores. Con montaxes como *A esmorga*, *Tics*, *O lapis do carpinteiro*, *Sexismunda*, *Así que pasen cinco anos*, *A viaxe a ningunha parte*, *Ensaio sobre a cegueira* ou a máis recente *Normas para saber vivir* levaron as súas propostas artísticas polos escenarios de Galicia, España e países como Portugal, Italia, Francia ou Marrocos. Mereceron máis dunha trintena de premios María Casares, ademais doutras distincións como os Premios

Compostela, FETEN, premios do espectador en diversas mostras, o Premio Celestina da crítica española ao mellor espectáculo infantil ou o premio Abrente da MIT de Ribadavia. A compañía tamén realiza actividade docente, traballos de animación á lectura e organiza a Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense (MITEU), a Mostra de Teatro Infantil (MOTI) de Ourense e o Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO). Estes espazos de dinamización e difusión teatral programan, co apoio das institucións, máis de 60 espectáculos anuais, ademais de charlas, cursos, exposicións etc. que contribúen a facer presente a actividade escénica todo o ano. Sarabela tamén dirixe desde 1991 a Aula de Teatro Universitario do Campus de Ourense da UVigo, que actualmente conta con tres niveis de ensino teatral e unha aula de teatro infantil.




Premio Cultura Galega de MÚSICA

Maximino Zumalave formouse musicalmente en Santiago, Madrid, Viena e Stuttgart, como discípulo de Ángel Brage, Rosa Sabater, Guillermo González, John Elliot Gardiner e Helmuth Rilling. Foi fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum, e principal director invitado da Orquestra Sinfónica de Galicia. Actualmente centra a súa tarefa na Real Filharmonía de Galicia, formación da que foi fundador e da que é director asociado, cargo que tamén ocupa na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia.

Baixo a súa batuta actuaron solistas como J. Achúcarro, T. Barto, M. Bayo, E. Bitetti, R. Buchbinder, A. Ciccolini, J. Colom, V. Gens, V. Georghiu, W. Holzmair, N. Lahusen, A. de Larrocha, A. León Ara ou F.P. Zimmermann, e principalmente Teresa Berganza, con quen vén colaborando asiduamente en diferentes países de Europa. Zumalave dirixiu importantes formacións como a Orquestra de

Cámara de Stuttgart, The English Chamber Orchestra, a Sinfónica de Praga, a Orquestra da Ópera Nacional de Sofía, a Nacional de Lille, Sinfónica Odense, Sinfónica de Porto, Bach Collegium, Orquestra Nacional de España, Sinfónica de Madrid, ou a Orquestra Ciudad de Granada, entre outras. Dirixiu estreas absolutas de obras de Bernaola, Castillo, García Abril, Groba, Marco, Mestres Quadreny ou Villa Rojo, e con especial atención as primeiras audicións de novos compositores galegos como Alonso, Balboa, Buíde, Durán, Macías, Paz, Pereiro, Vázquez ou Viaño. Académico de número da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, é, desde 2010, membro do plenario e coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega. En 2008 a Xunta de Galicia concedeulle a Medalla Castelao.



Premio Cultura Galega de AUDIOVISUAL

Numax é a primeira sala de cine galega integrada na rede de exhibición Europa Cinemas, selo de calidade de referencia internacional na difusión de cinema europeo e doutros territorios, do que forman parte máis de 2.000 pantallas de 42 países. Desde a súa recente creación en 2015, Numax superou xa os 60.000 espectadores. Nas súas instalacións acolle a única sala de Galicia que traballa integramente coa versión orixinal das fitas. Ademais disto, impulsa un programa de subtitulación ao galego dos filmes que garante, ademais da difusión en salas, a versión en galego para a explotación en televisión, vídeo á demanda ou dvd e blu-ray. Desenvolve unha programación escolar, con unidades didácticas de produción propia para os centros participantes, e na súa tarefa de difusión cinematográfica, cada mes, achega a Santiago de Compostela

referentes do cinema internacional co programa Aula. Coa creación de Numax distribución, a entidade favorece ademais, por primeira vez desde Galicia, a estrea no resto de España de filmes de autor contemporáneos, na lingua orixinal con subtítulos en galego ou castelán. Ademais da vertente audiovisual, a librería Numax conta con fondos de 800 editoriais e máis de 200 distribuidoras, e incorpora un laboratorio de gráfica e vídeo responsable do acabado de filmes que circulan en festivais internacionais (Sevilla, Locarno, BAFICI). O seu modelo de xestión, de sociedade cooperativa sen ánimo de lucro, valeulle en 2015 o recoñecemento do premio ao mellor proxecto cooperativo da Xunta de Galicia. En 2016 recibiu tamén o Premio Mestre Mateo José Sellier á mellor iniciativa audiovisual.



Premio Cultura Galega de LINGUA

A Irmandade Xurídica Galega (IXUGA) constituíuse como organización específica no ano 2008 para lle dar continuidade ao labor da Asociación de Funcionarios para Normalización Lingüística de Galicia en prol da lingua galega no ámbito xurídico. Hoxe aglutina máis de 300 axentes do sector, desde xuíces a fiscais, avogados, procuradores e persoal funcionario dos órganos xurisdiccionais. Para avanzar no recoñecemento do uso do galego nas declaracións da cidadanía, a IXUGA organizou seminarios cos responsables das forzas de seguridade en Galicia, que culminaron cun acto sen precedentes no Hostal dos Reis Católicos en 2009. A IXUGA asumiu a preparación e divulgación de materiais para os distintos ámbitos da xustiza, como a publicación do *Formulario notarial*, autoría de Victorino Gutiérrez Aller, a tradución de documentos procesuais ou a edición do *Dicionario Xurídico Galego*.

Co obxectivo de enmarcar a galeguización do sector en continuidade co que xa realizaran outros profesionais do dereito ao longo da nosa historia, a IXUGA publicou as biografías de xuristas destacados como Bouza Brey, Roberto González Pastoriza, Carballal Pernas, Orencio Pérez González, Claudio Movilla ou Sebastián Martínez-Risco. Para poñer en valor este legado vén promovendo actuacións en distintas localidades, así como monumentos e placas conmemorativas de xuristas que xa fan parte dunha tradición galeguista de profesionais do dereito preocupados polo noso acervo cultural.



irmandade xurídica galega

Premio Cultura Galega de PATRIMONIO CULTURAL

O Museo de Pontevedra foi creado pola Deputación Provincial de Pontevedra, baixo a presidencia de Daniel de la Sota, en decembro de 1927, co obxectivo de completar o fecundo labor da Sociedad Arqueológica de Pontevedra. A dirección do museo asumíuna o presidente daquela entidade, Casto Sampedro e Folgar, e a súa xestión un padroado do que formaron parte personalidades como Losada Diéguez, Sánchez Cantón, Castelao ou Xosé Filgueira Valverde, quen accedería posteriormente á dirección, desde 1940 ata 1986. Desde entón, exerce esa función Carlos Valle. O museo abriu as portas ao público en 1929 nun edificio do século XVIII situado no centro histórico da cidade. Actualmente, está composto por seis edificios que inclúen as ruínas de San Domingos, do século XIV, ata o máis recente inaugurado en 2013.

No seu interior alberga coleccións excepcionais, tanto en clave galega como española e mesmo internacional. Para o coñecemento da cultura galega, unha visita ao Museo de Pontevedra permite descubrir, en boa medida e sen lagoas, o acontecido no cuadrante noroccidental da Península Ibérica desde a Prehistoria ata a actualidade. Como centro de investigación e de documentación, conta cunha excelente biblioteca e uns arquivos documental e gráfico de gran riqueza. Destaca, así mesmo, polo seu papel como dinamizador cultural, cunha programación permanente de exposicións temporais, congresos, concertos e xornadas.



Premio Cultura Galega de PROXECCIÓN EXTERIOR

Elena Zernova, nacida en San Petersburgo (Rusia), é licenciada en Filoloxía Románica e doutora en Ciencias Filolóxicas pola universidade estatal da súa cidade, na que exerce como profesora de Filoloxía Española. Autora de máis de 80 traballos científicos e relatora en máis de 40 congresos internacionais, leva colaborado como profesora visitante en universidades de España, México, Inglaterra e Alemaña.

O seu interese polas linguas e culturas minoritarias da Península Ibérica levárona a iniciar traducións do galego e do catalán ao ruso. En 1993 viaxou por primeira vez a Galicia aos cursos de galego para estranxeiros e ese mesmo ano creou o Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo, do que é directora. Desde esa entidade comezou a promover o estudo e a difusión da lingua galega en Rusia, con seminarios,

conferencias, mesas redondas, artigos de prensa e programas de televisión e radio. En 1995 comezou o ambicioso proxecto Antoloxía da literatura galega, que ten actualmente publicados 20 volumes antolóxicos dos autores da literatura galega na Editorial St. Petersburg University Press, e que inclúe, entre outras, as escolmas *Poesía dos trovadores* (1995), *Voces novas* (1997), *Compañeira tristeza* (2004), *As poetas galegas do século XX* (2004), *Rosalía de Castro* (2005), *Eduardo Pondal* (2009) ou *Xosé Filgueira Valverde. Quintana viva* (2015).

Vicepresidenta da Asociación Internacional de Estudos Galegos, é ademais membro da Unión dos Escritores de Rusia, da Unión de escritores de San Petersburgo, do comité científico do Boletín da RAG e do comité científico editorial de Quaderni Ibero Americani.



elena zernova

FROITO, de Manolo Paz

Os Premios da Cultura Galega 2016 recoñecen o labor das persoas e entidades a través dunha peza en bronce realizada polo escultor Manolo Paz.

Baixo o título *Froito*, o autor representa os logros da vida como o resultado do traballo no día a día, co esforzo e a constancia de quen loita por conseguilos.



O trazo da cultura


O rompenste rítmico da creatividade escríbese cada día da man dos profesionais, dos artistas e de todas e todos aqueles que, dunha maneira ou doutra, fixan o trazo da nosa historia cultural.

Con esa idea de perfilar palabras e liñas para o noso rastro cultural, nesta celebración dos Premios da Cultura Galega, realiza as caligrafías en directo **Nacu**.

A escenografía é creación de **Suso Montero**.

Os audiovisuais proxectados son de **Sr. Pause**.

Conduce o acto **Noelia Otero**.



Intervencións artísticas



LUCÍA MARTÍNEZ

Lucía Martínez é unha das novas mulleres percusionistas pertencente á vangarda de músicos de jazz en Europa. Nacida en Vigo e con residencia actualmente en Berlín, esta multi-instrumentista e compositora, con experiencia na música clásica, no folk e no jazz, transpórtanos hoxe polos sons da marimba e dos tambores.



SARA FERNÁNDEZ JAVIER SÁNCHEZ

Sara Fernández (óboe) e Javier Sánchez (fagot) estrean *Fantasía para óboe e fagot* de Xosé Carlos Seráns Oliveira. Formada no CMUS de Santiago de Compostela e no Conservatorio Superior de Música de Aragón, Sara Fernández é actualmente academista da Real Filharmonía de Galicia. Javier Sánchez, profesor no CMUS de Lalín, é tamén colaborador habitual de orquestras de ámbito galego e estatal.



BUDIÑO

Budiño é un artista atípico, un creador fascinante que enraíza a súa música na tradición galega mesturada sutilmente cos sons máis contemporáneos. As súas composicións levan viaxado por teatros e prazas, de Moaña a Shanghai, Damasco, Bogotá ou Beirut. Con el, Cibrán Seixo, ao violín, Antonio Rodríguez, co bombardino, e Sérgio Tannus á guitarra, coa *Marcha de Breixo*.



CORO CANTIGAS E AGARIMOS

A interpretación do himno galego para finalizar este acto vén guiada polas voces da agrupación Cantigas e Agarimos. Fundada en Santiago de Compostela no ano 1921, é unha das corais dedicadas á difusión da tradición musical galega máis antigas do noso país. Un tributo ao movemento de recuperación cultural promovido polas Irmandades da Fala.

O Museo Centro Gaiás, un dos edificios con máis forza arquitectónica da Cidade da Cultura, desprega nos seus 16.000 metros cadrados de superficie unha programación permanente de actividades culturais, formativas e de divulgación. As súas cinco plantas levan acollido nestes primeiros catro anos de andaina exposicións de referencia como *Gallaecia Petrea*, *Orinoco. Viaxe a un mundo perdido*, *Códices. Xoiás medievais das catedrais galegas*, *Auga Doce. Cando a auga é arte*, *José Suárez. Uns ollos vivos que pensan* ou a actual *Camilo José Cela (1916-2016). O centenario dun Nobel*. Desde a súa apertura ao público, o museo converteuse nunha plataforma para a visibilización do mellor das nosas expresións creativas e operar como un espazo para a internacionalización da cultura galega, cunha dinámica de cooperación con museos e institucións culturais de prestixio como o MoMA de Nova York, o Museo del Prado, o Musée d'Orsay de París, o Rijksmuseum de Londres ou a Galería dos Uffizi de Florencia. Xunto á súa programación de exposicións, música e artes escénicas, o Museo Centro Gaiás acolle eventos de alcance internacional; este ano, a feira das músicas do mundo, Womex, aloxou nestas instalacións as actividades comerciais de máis de 2.500 profesionais da cultura duns 90 países.

MUSEO CENTRO GAIÁS



PREMIOS DA CULTURA GALEGA 2016
ANO DAS LETRAS DE MANUEL MARÍA
E DA CONMEMORACIÓN
DO CENTENARIO
DAS IRMANDADES DA FALA

Premio Cultura Galega de *Letras* María Xosé Queizán

Premio Cultura Galega de *Artes Plásticas* Miguel Fernández-Cid

Premio Cultura Galega de *Artes Escénicas* Sarabela Teatro

Premio Cultura Galega de *Música* Maximino Zumalave

Premio Cultura Galega de *Audivisual* Cooperativa Numax

Premio Cultura Galega de *Lingua* Irmandade Xurídica Galega

Premio Cultura Galega de *Patrimonio Cultural* Museo de Pontevedra

Premio Cultura Galega de *Proxección Exterior* Elena Zernova